




COSTA DE CAIÓN (A LARACHA)



Distancia: en coche: 3 km lineai + camiñadas
a pé 9,5 km (ida e volta)

Adela Leiro, Mon Daporta
novembro 2018

Dificultade: media



- 1-Enseada de Lourido
- 2-Rego de Augacae ou Alvite
- 3-Punta Atalaia
- 4-O Castelete
- 5-Caión
- 6-Punta Senreira
- 7-Punta da Ínsua e Os Melreiros
- 8-Punta das Ondas
- 9-Praia da Arnela
- 10-Praia do Cárcere Vello
- 11-Furna de Auga Redonda
- 12-Praia do Caracoliño
- 13-Praia das Salseiras
- 14-Punta da Curviña
- 15-Punta Saldoiro

Caión é a única parroquia do concello de A Laracha que da ao mar. Está situada na Costa da Morte e ten un litoral que alterna cantís e areas de gran valor paisaxístico e biolóxico. Unha parte da costa está protexida dentro do LIC/ZEC “Costa da Morte” e na ZEPA “Espazo Mariño da Costa da Morte”.

Ademais da súa posición estratéxica, nun dos poucos puntos abrigados da Costa da Morte, e da fermosa panorámica que ofrece a vista da localidade desde a estrada de acceso, Caión é un fermoso lugar para ocupar unhas horas coñecendo con detalle o seu litoral que nos ofrece unha grande diversidade de formas creadas polo traballo do mar.



PERCORRIDO


Pódese facer unha visita rápida en coche, facendo tres paradas desde as que visitar algúns dos puntos máis representativos: a localidade, as praias e a punta da Atalaia; ou un percorrido a pé, de vagar, para coñecer de preto todos os lugares e deterse neles. O punto de partida pode ser calquera dos lugares aos que se accede en coche e o traxecto de ida e volta é duns 9 km.

Nun percorrido lineal (de leste a oeste) comezamos no límite con Arteixo, en **Augacae**, onde o **rego de Alvite** cae ao mar formando unha pequena ferverza. Desde alí contemplamos a **enseada de Lourido** e subimos á **Punta da Atalaia** (antigo observatorio dos baleeiros), desde onde hai unhas fermosas panorámicas da costa e de Caión.

Seguimos ata a estrada e baixamos a **Caión**, onde podemos deternos a coñecer o porto, as **puntas da Ínsua e das Ondas** e o centro da localidade. Continuamos polas **praias da Arnela, O Cárcere Vello, O Caracoliño e As Salseiras**, e logo subimos ao camiño que segue preto da costa, pasando pola punta da **Curviña e Saldoiro**, ata o límite do concello con Carballo, ao pé da **Furna Furada**.



2-Rego de Augacae ou Alvite



1-Enseada de Lourido






Augacae e enseada de Lourido



3-Punta da Atalaia (lugar onde os mariñeiros de Caión controlaban o paso das baleas)




4-O Castelete e a punta da Atalaia

5-Caión. Unha pequena e antiga vila mariñeira asentada na península do mesmo nome. Segundo relata o Licenciado Molina (Descrición do reino de Galiza, 1550), era o principal porto na pesca de baleas.



Caión desde e a punta da Atalaia



6-Punta Senreira, actualmente ocupada polo peirao. Ao fondo a punta da Atalaia.



7-O peirao, As Senreiras e a punta da Ínsua



7-Punta da Ínsua e Os Melreiros




Punta da Ínsua



8-Punta das Ondas



8-Punta das Ondas, cantís e praias de Caión



10-Praia do Cárcere Vello



9-Praia da Arnela



Cantís entre as praias do Cárcere Vello e o Caracoleiro



11-Furna de Auga Redonda



12-Praia do Caracoleiro



13-Praia das Salseiras



Praia das Salseiras e Caión



14-A Curviña

15-Punta Saldoiro



Os cantís desta zona teñen un gran interese xeolóxico. Están formados por granitos moi erosionados con intrusións doutras rochas, fallas e cortes nos que se poden observar sedimentos de distintas épocas.